

O GRUPO UNTIA RECUPERA A ALFARERIA DE BETANZOS




Forno a medio facer.

Nunha das saídas á percura de pezas para o Museu das Mariñas, dous componentes do Grupo Untia, Xosé Raimundo Núñez e Xoán Manuel Andrade Vidal, recorren a zona da Magdalena e Condomiña, dado que este foi o lugar onde estiveron os fornos de alfarería popular de Betanzos deica hai vintecinco anos, despois de longa tradición. Era o seu obxectivo averiguar se conservaban restos da fabricación de pezas realizada pola familia Mourón, que desde o século XVIII, e chegados de Buño, conservaron esta artesanía, e interesar-se por calquera outro dato que existise ao respecto da conservación de tornos e fornos.

Casa por casa, falando coa xente, lo-

graron acadar varias pezas que foron xentilmente cedidas polos veciños despois de coñecer a finalidade da xestión, e tomaron contacto cun dos últimos oleiros, Xulio Mourón, xa coñecido polas suas demostracións no Museu do Pobo Galego de Santiago. En conversa, non somentes donou varias pezas das por el fabricadas e conservadas, senón que acolleu a iniciativa de voltar a traballar nun conxunto completo de pezas das aquí fabricadas, sempre que se lle puxesen os medios, exclusivamente para o Museu das Mariñas, así como no ensino desta arte-



Forno xa rematado.

sanía a xente nova co fin de continuar a tradición.

Así levou-se adiante a xestión de reconstruir un obradoiro completo desta

actividade, baixo a sua dirección, no estilo máis tradicional, incluindo un forno que podemos apreciar nos dous grabados: a media construcción e unha vez rematado.



Catro membros do "Grupo Untia" no obradoiro do alfareiro